

**PROGRAMA DE REFORZO PARA A
RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE
CURSOS ANTERIORES
DEPARTAMENTO DE LINGUA FRANCESA**

IES RAMÓN OTERO PEDRAYO (A CORUÑA)

CURSO 2024-2025

PROGRAMA DE REFORZO PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PASE DE CURSO COA MATERIA SEN SUPERAR (ALUMNADO CON PENDENTES)

(Elaborado segundo o artigo 51 da Orde do de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011)

Nas primeiras semanas do curso a xefa de departamento manterá unha reunión informativa con aqueles alumnos/as que teñan o francés pendente para explicarlles este programa de recuperación e darlles a cada un deles un documento individualizado coa distribución de contidos por probas e os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. Así mesmo, explicarlles a metodoloxía e proporcionarémoslles os cadernos de reforzo.

Ademais, publicaremos un resumo deste plan no taboleiro fronte a sala de profesores e na páxina web do centro (sección do departamento de Francés, apartado de “materias pendentes”). Esta información estará dispoñible tamén para as familias e mandarémoslles aviso vía Abalar (sempre que sexa posible) para que poidan acceder a ela facilmente.

Para aqueles alumnos que teñan pendente a materia de francés do curso anterior, este departamento didáctico establece o seguinte:

1. **Os alumnos serán avaliados tendo en conta os CONTIDOS MINÍMOS** establecidos para cada nivel.
2. **Programa de reforzo (cadernos):** Co obxecto de facilitarlle ao alumno a superación da materia pendente, proporcionaráselle durante o curso actividades de reforzo (cadernos) que lle axuden a revisar os contidos mínimos esixibles. A xefa do departamento será a encargada de asignar as tarefas e de corrixilas periodicamente (normalmente deberán entregalas 15/20 días antes dos exames parciais), de aclarar aos alumnos calquera dúbida que puidera xurdir e de elaborar e corrixir todas as probas de avaliación. A realización das tarefas propostas e a súa entrega na data fixada será tida en conta na nota media.
3. **Exames:** ademais, realizaranse tres probas durante o curso: novembro (a 1ª metade do programa), febreiro (a 2ª metade) e maio (proba final completa para aqueles que non teñan superado as anteriores). En xuño contemplamos a posibilidade de realizar unha proba individualizada de recuperación.
4. Como norma xeral, os alumnos con francés pendente de cursos anteriores serán avaliados nos apartados de coñecementos da lingua, comprensión e expresión escritas, máis un exercicio de comprensión oral.

Criterios de cualificación

- **Programa de reforzo (cadernos):** 30% da nota final. Nesta porcentaxe teremos en conta principalmente a realización e entrega en tempo e forma das tarefas de recuperación propostas ao longo do curso.

Aqueles alumnos que decidan non realizar os cadernos, disporán deles na Aula Virtual do centro para que poidan revisar a materia antes dos exames e ver o tipo de exercicios que terán que realizar, pero non se lles terá en conta esta nota. Isto é especialmente relevante co alumnado que non entrega o 1º caderno (1º parcial): poderán dispor do 2º caderno, corrixirémosllo e explicarlles as dúbidas, pero non contará para a nota final.

- **Probas parciais:** a nota media das probas de Novembro-Febrero contará un **70%** da nota final (esixiremos unha **nota mínima de 3** para facer media co caderno).

POR EXAMES PARCIAIS E PROGRAMA DE REFORZO	Probas escrita/escoita	70%
	Cadernos de repaso	30%

Aqueles alumnos que decidan non realizar os cadernos, disporán deles na Aula Virtual do centro para que poidan revisar a materia antes dos exames e ver o tipo de exercicios que terán que realizar, pero non se lles terá en conta esta nota. Isto é especialmente relevante co alumnado que non entrega o 1º caderno (1º parcial): poderán dispor do 2º caderno, corrixiémosllo e explicaremoslles as dúbidas, pero non contará para a nota final.

No caso de non seguir o programa de reforzo (é dicir, que non desexen realizar os cadernos de repaso) o alumno será valorado unicamente pola media das notas obtidas nas dúas probas parciais (novembro e febreiro).

- **Proba final:** aqueles alumnos que non superen as probas parciais ou que non se presenten a elas, terán a oportunidade do exame final do mes de maio, que contará un **100%**.

TEMPORALIZACIÓN	1ª parte (Unidades 1, 2 e 3)	2º parte (Unidades 4, 5 e 6)
Entrega de cadernos	Data límite: 25 de outubro 2024	Data límite: 5 de febreiro 2024
Exames parciais*	Do 18 ao 21 de novembro 2024	Do 24 ao 27 de febreiro de 2025

Proba final ordinaria*	Do 26 ao 29 de maio 2024
-------------------------------	--------------------------

** En datas fixadas pola Xefatura de estudos e publicadas na web do centro.*

A Coruña, 11 de setembro de 2024.

Ana Campos Rey

Xefa do departamento de Lingua Francesa.

1º ESO. CONTIDOS

DATAS	GRAMÁTICA	CONXUGACIÓN	VOCABULARIO	SITUACIÓN DE COMUNICACIÓN
<p>1ª proba: NOVEMBRO (Unidades 1, 2 e 3)</p>	<p>- Qui est-ce?/ Qu'est-ce que c'est? -Le présentatif C'est/Ce sont -Artigos definidos e indefinidos -O xénero e o número dos substantivos e dos adxectivos (formación regular) -A elisión -Os interrogativos (<i>qui, où, quand, combien, comment...</i>) e os adxectivos interrogativos (<i>quel, quelle, quels, quelles</i>) -Os adxectivos posesivos -Os pronomes tónicos</p>	<p>-Os pronomes suxeito -O presente de indicativo: • Verbos en –ER (1º grupo) • Verbo <i>s'appeler</i> • Verbos irregulares: <i>avoir, être, lire, écrire et faire</i> -A negación do verbo (<i>ne...pas</i>)</p>	<p>-O abecedario -Saúdos e presentación -O instituto: o material escolar, as materias, etc. -Os días da semana e os meses do ano. -Dicir a hora -Os números cardinais (ata 100) -As cores. - Deportes e actividades - Adxectivos de personalidade.</p>	<p>- Saudar, presentarse, despedirse. -Expresar os gustos e preferencias -Presentar e describir a alguén (carácter) -Facer preguntas sobre a personalidade -Falar do instituto, do horario de clase - Identificar obxectos do material escolar - Expresar a posesión -Dicir a data e a hora -Falar das actividades de tempo libre</p>
<p>2ª proba: FEBREIRO (Unidades 4, 5 e 6)</p>	<p>Revisión do anterior + -Os artigos contractos coa preposición <i>à</i> e coa preposición de -As preposicións de lugar (situar no espazo) -As préposicións + países -O feminino e o plural dos adxectivos (profesións)</p>	<p>Revisión do anterior + - O presente dos verbos: <i>prendre, aller.</i> -O imperativo (forma afirmativa) - <i>Il y a, Il n'y a pas de/d'</i> -Formas impersonais (expresións do tempo meteorolóxico) -O futuro próximo (<i>aller+infinitif</i>)</p>	<p>Revisión do anterior + -A familia -A descrición física e psicolóxica -O corpo humano -A cidade e os medios de transporte -Os números ordinais -A natureza, as estacións do ano e a meteoroloxía -As profesións -Países francófonos</p>	<p>Revisión do anterior + -Presentar a familia -Describir a alguén (física e psicolóxicamente) - Dar ordes, instrucións, consellos -Situarse no espazo -Falar das partes dunha cidade e dos medios de transporte -Indicar ou preguntar por unha dirección -Falar do entorno natural, do tempo meteorolóxico e das estacións do ano -Falar dun país. Dicir onde vivimos -Falar das profesións - Falar dos proxectos para o verán</p>

***Na proba final de maio entrarán todos os contidos**

2º ESO: CONTIDOS

DATAS	GRAMÁTICA	CONXUGACIÓN	VOCABULARIO	SITUACIÓNS DE COMUNICACIÓN
<p>1ª proba: NOVEMBRO (Unidades 1, 2 e 3)</p>	<p>-C'est + nom -Il/Elle est + adjectif -Os adxectivos posesivos -Os adxectivos demostrativos -O masculino, o feminino e o plural dos adxectivos (formación regular e irregular) -A expresión da cantidade (<i>trop/pas assez/ très + adjectif</i>) -Os adxectivos demostrativos: <i>ce/cet, cette, ces</i>. -Os pronomes COD: <i>le, la, l', les</i>. -A negación con <i>ne/n'+ verbe+ pas/jamais/rien</i> -Os verbos <i>faire/jouer, aller/venir</i> + os artigos contractos coas preposicións à e de</p>	<p>-O presente de indicativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Revisión do 1º grupo (verbes en –ER) Verbos irregulares: <i>avoir, être, aller, venir, faire, devoir, pouvoir, vouloir, savoir, mettre, prendre</i>. Verbos pronominais 	<p>-Revisión e ampliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> As materias escolares Os números ata o 100 A hora <p>-Novo vocabulario:</p> <ul style="list-style-type: none"> Actividades e deportes A roupa (cores e formas) A casa, o mobiliario As tarefas domésticas 	<p>Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Saudar, presentarse, presentar a alguén, describir a alguén -Falar do horario de clase -Facer preguntas -Falar do clima/tempo meteorolóxico <p>Ampliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Describir o estilo de roupa -Falar das actividades cotiás -Falar das actividades de tempo libre -Expresar a posesión -Dar a opinión, elixir -Ir de compras -Describir a habitación/a casa -Localizar obxectos -Falar das tarefas domésticas
<p>2ª proba: FEBREIRO (Unidades 4, 5 e 6)</p>	<p>Revisión do anterior + -Os pronomes COI (<i>me/m', te/t', lui, nous, vous, leur</i>) -O pronome EN como COD -Il y a, Il n'y a pas de/d' -Uso dos artigos partitivos e as súas excepcións -Unidades de medida -A expresión da frecuencia -O comparativo regular dos adxectivos e dos adverbios (<i>plus/aussi/moins+ adjectif ou adverb+ que/qu'</i>) -Expresar a causa: <i>Pourquoi? Parce que...</i> -Preposicións + lugares (países, vilas, etc.)</p>	<p>Revisión do anterior + -O presente de indicativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Verbos do 1º grupo en –ger Verbos irregulares: <i>boire</i> <p>-Il faut + infinitif -Révision do imperativo -O passé composé (con ambos auxiliares <i>avoir/être</i>, participios regulares e irregulares, forma afirmativa)</p>	<p>Revisión do anterior + -Os alimentos e as bebidas. -As comidas do día -As tendas e cafeterías -Os números grandes (prezos). - Marcadores cronolóxicos -Países e nacionalidades</p>	<p>Revisión do anterior + -Facer a compra ou pedir nun café -Describir unha receita de cociña -Expresar a cantidade -Expresar a necesidade -Expresar os gustos e preferencias -Falar das comidas e bebidas -Expresar a frecuencia -Contar feitos en pasado -Falar dos diferentes países, nacionalidades, monumentos, etc.</p>

***Na proba final de maio entrarán todos os contidos**